


# CELEBRACIÓN EN OS COTOS

25-26 de maio do 2024

## FESTA DA SANTÍSIMA TRINDADE



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA

**E SEMPRE SEMENTANDO PAZ**



## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

### SAÚDE DE BENVIDA

♪ **nº 1 Unha xuntanza de amor**

#### *Celebrante:*

Benvidos, imos comezar a nosa celebración facendo referencia ao gran misterio que nos presenta a liturxia deste día e que moitas veces, por rutina ou costume, non nos damos conta. Invocamos á Trindade, e por iso compartimos no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Dende o noso bautizo formamos parte da Igrexa e proclamamos ao Deus que comparte a nosa historia, o Deus que nos mostrou Xesús coa súa vida e que quere relacionarse con nós en todas as situacións nas que nos atopemos.

Un Deus “Pai-Nai” que nos coida e agarima. Un Deus “Fillo-Irmán” que está á nosa beira ensinándonos o camiño de amar e de compartir cos irmáns. Un Deus “Espírito Santo” que alenta no noso interior para formar parte da comunidade dos crentes.

Este único Deus invítanos agora a participar na fe eucarística na que o Pai nos dá en alimento ao seu Fillo para que co Espírito Santo formemos tamén nós unha única comunidade na que todos somos acollidos e queridos sen distincións.

## ACTO PENITENCIAL

**Celebrante:** *Neste momento de conversión queremos facer tamén referencia a ese Deus Trindade que acepta as nosas boas obras e perdoo cando o facemos mal ou non facemos o ben que debemos facer:*

### Monitor/a

➤ Polas veces seguimos presentando a Deus na trindade de xuíz, vingativo e cruel, lonxe do amor. **PAI, téndenos a túa man**

➤ Polas veces que nos falta ilusión e confianza, e convertémonos en cristiáns cheos de rutinas, lonxe da coherencia **FILLO, téndenos a túa man**

➤ Polas veces que na vida só miramos para nós mesmos, e deixámonos encamiñar polo ter, polo poder ou polo prestixio, lonxe da solidariedade **ESPÍRITO SANTO, téndenos a túa man**

**Celebrante:** *Deus todopoderoso ten piedade de nós, e dos que teñen un lugar na nosa vida. A todos, o Señor, nos concede o perdón dos pecados e nos leva á vida eterna. Amén.*

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante:** *Rematamos a primeira parte da celebración presentándolle a Deus o que rebule no noso interior. (Pódese cantar o Gloria da Pascua)*

*(silenzo)*

🎵 **Gloria a Deus**

### Celebrante:

Deus, noso Pai, Ti revelaches á humanidade o admirable misterio do teu ser, enviando ao teu Fillo, Palabra da verdade, e ao Espírito da santidadade. Concédenos profesar a nosa fe en Ti e recoñecer a túa gloria na unidade das tres persoas. Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)** a palabra de Deus proclámase dende o ambón

**Celebrante:** *A Palavra de Deus que agora imos escoitar fálanos da busca de Deus e achéganos a El.*

*O Deus-misterio é tamén Deus-cercanía, é un Deus que se vai amosando, ao que hai que ir descubrindo como esforzo de toda unha vida; a escoita da Palavra dános a oportunidade de estar á súa beira porque é un PAI que nos quere, un ESPÍRITO que nos alenta, un CRISTO que nos envía. Escoitamos.*



## LECTURA DA CARTA DE SAN PAULO AOS ROMANOS

Irmáns e irmás:

Cantos se deixan guiar polo Espírito de Deus, eses son fillos de Deus. Pois non recibistes un espírito de escravitude, para volverdes ao medo. Non. Vós recibistes un espírito de fillos adoptivos, grazas ao que podemos gritar: ¡"Abbá": Pai! Este mesmo Espírito, xuntamente co noso, dá testemuño de que somos fillos de Deus. E, se fillos, tamén herdeiros: herdeiros de Deus e coherdeiros con Cristo; xa que, se padecemos con el, é para sermos tamén despois glorificados con el.

### Palabra do Señor

🎵 41 🎵 *Quen nos vai separar de ti* SALMO

(en pé) Leccionario I B páx 287 Mt 28, 16-20 EVANXEO

## PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Os once discípulos fóronse para Galilea ao monte onde Xesús os citara. E véndoo, prostráronse ante el, anque algúns dubidaban. Xesús, achegándose, díxolles:  
- Déuseme todo poder no ceo e mais na terra. Ide, pois, e facede discípulos meus a todos os pobos, bautizándoos

no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo; ensinándolles a gardar canto vos mandei. Asegúrovos que eu estarei sempre convosco ata a fin do mundo.

### Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



A xeito de homilía, que nos propón esta Palabra que vimos de escoitar?

*Hoxe cremos en Deus Trindade,  
e cremos na paz para sementala e calar aos violentos  
que non teñen valor para ser tolerantes e respectuosos  
con quen vive e pensa diferente, aquí, ou onde sexa.*

*Hoxe cremos en Deus Trindade,  
e cremos na tenrura para agarimar e estar á beira das  
mulleres que sofren violencia de xénero.*

*Hoxe cremos en Deus Trindade,  
e cremos na acollida para cos refuxiados erguer pontes  
en lugar de muros facendo do mundo un fogar en  
irmandade.*

*Hoxe cremos en Deus Trindade,  
e cremos que está con nós á hora de ter preocupación  
ecolóxica porque nas nosas mans está o coidado e a  
responsabilidade con esta natureza que nos rodea.*

*Hoxe cremos en Deus Trindade,  
e cremos que está con nós na responsabilidade de  
coidarnos e coidar aos demais nas alegrías e nas dores,  
nas esperanzas e nos fracasos.*

*Hoxe cremos en Deus Trindade,  
e cremos que está no medio da nosa comunidade  
porque non está para xulgar senón para salvar e dar  
vida.*

**Gardamos un pequeno silencio**

## PROFESIÓN DA FE

*Celebrante Deixémonos alumar pola luz da fe que  
recibimos no bautismo e profesemos a nosa fe no  
Deus-Trindade de persoas. Dicimos:*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

**Monitor/a:**

**Credes en Deus PAI-NAI,**  
que se quixo facer cercano querendo estar á nosa beira  
compartindo a nosa historia?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

**Credes en Deus FILLO, Xesucristo,**  
que nos envía a anunciar o evanxeo no nome do Deus  
amor que se fai en comunidade?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

**Credes en Deus ESPÍRITO SANTO,**  
que vive en nós alentándonos na construción dun mundo  
que sexa de novo “á imaxe e semellanza de Deus”?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

**Credes na IGREXA, COMUNIDADE,**  
que se descubre, á imaxe de Deus, cimentada no afecto  
e anunciadora dun Deus capaz de encher de amor o noso  
corazón?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** *Movidos polo Espírito que habita en nós, querendo ser exemplo do Fillo, oremos ao Pai dicindo:*

**Señor escoita a nosa oración**

**Monitor/a:**

- ✓ Señor, necesitamos unha Igrexa crible para non caer na tentación da intolerancia, que impide anunciarte como Deus de amor e comunión. Axúdanos
- ✓ Señor, necesitamos unha parroquia que sexa lugar de encontro, de compartir experiencias, de traballo solidario, vivindo a fe. Axúdanos
- ✓ Señor, necesitamos aportar o noso esforzo para que medre a paz e o ben común. Axúdanos
- ✓ Señor, necesitamos ser un mellor exemplo para as persoas que te buscan e non te atopan porque os nosos feitos, ás veces, non nos fan cribles. Axúdanos
- ✓ Señor, necesitamos esperanza e atrevemento para confiar cando nos falta coherencia e vivimos na rutina e cheos de presas. Axúdanos

**Celebrante:** *Señor, escoita as nosas pregarías e énchenos do alento que te levaba a achegarte e ofrecer o mellor aos demais. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*

## 3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

### NOSO PAI

**Celebrante:** *Con esta oración, Xesús mostrounos un Deus que nos quere e se preocupa por nós, un Deus Pai e Nai atento ao que lle dicimos de corazón.*

*Non caiamos en rutinas repetitivas, senón que sintamos de verdade, en Espírito, o que dicimos agora en oración:*

*NOSO PAI ...*



### SIGNO DA PAZ

**Celebrante:** *As nosas mans tendidas uns para os outros expresan a nosa vontade de ser coherentes nos feitos; con corazón de irmáns, na liberdade de procurar un mundo mellor, e na responsabilidade da fe, desexámonos o mellor na paz uns para os outros. Compartímola agora coma irmáns.*

**♪ n° 36 Fagamos a paz irmáns**

## COMUÑÓN

*Celebrante: Deus Pai convídanos a compartir o pan da vida eterna en comunidade.*

*Xesús, nacendo de María, faise presente no medio de nós como irmán que dá vida.*

*O Espírito alenta amor en cada un de nós para sermos e darmos exemplo do Evanxeo.*

*Ditosos nós que hoxe somos así convidados a compartir nesta mesa do Señor.*

*Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar*

🎵 **nº 43** *Non vou so*

## 4.- AVISOS E DESPEDIDA

### ORACIÓN FINAL

*Celebrante:*

Señor noso Deus,  
a nosa fe en Ti,  
comunidade de persoas,  
consíguenos a salvación,  
pois animados polo Espírito Santo  
podemos facer noso o camiño de Xesús, teu Fillo,  
e chegarmos a participar do teu corazón de Pai,  
resucitados para sempre eternamente. Amén.

*Avísase das misas (ver folla do mes)*

*Retomamos hoxe na liturxia o tempo ordinario.*

*Facémolo tratando de comprender a este Deus que cada día nos manifesta o seu amor no camiño da nosa vida.*

*Saibamos levar ao día a día a presenza deste Deus Comunidade que quere que todos participemos con El na construción do Reino.*

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,  
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal  
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén  
Podémonos ir en PAZ.*

